



concello de neda

III CERTAME DE RELATO CURTO.

RELATAMOS CONTRA A VIOLENCIA.

BASES

Primeira. Poden concorrir a este certame todas as persoas interesadas que estuden ou residan no Concello de Neda.

Para elo, haberá 3 categorías:

- **Categoría Escolar A:** Os nados nos anos 2005, 2006 e 2007.
- **Categoría Escolar B:** Os nados nos anos 2002, 2003 e 2004.
- **Categoría de Adultos:** Os nados ata o ano 2001.

Segunda. Os traballos, que se presentarán en lingua galega, deberán de ser orixinais e inéditos e non ter sido premiados con anterioridade nin estar perdetes de faio en calquer outro concurso.

Terceira. A **temática** versará sobre aspectos relacionados coa **igualdade de xénero, a violencia de xénero, o machismo/feminismo, a erradicación da violencia machista e en particular a violencia sexual, situacións de discriminación en calquer tipo de ámbito...**

Cuarta. Os relatos terán unha **extensión** de entre 1200 e 1500 palabras en formato DIN A4, escritos por unha soa cara e a dobre espazo. O tipo de letra deberá ser Times New Roman ou Arial e con corpo 12.

Quinta. Cada relato presentarase por duplicado nun sobre pechado no que se indicará o título do mesmo. Dentro deste sobre incluírase outro co título do relato e no seu interior os datos persoais do autor ou autora (nome e apelidos, data e lugar de nacemento, centro de estudos, enderezo postal, e-mail, teléfono de contacto e categoría á que se presenta).

Sexta. Os relatos serán **remitidos ou entregados** nas oficinas municipais do Concello de Neda na seguinte dirección:

Concello de Neda. Avenida de Algeciras Nº 34, CP 15510 – Neda

Os relatos poderán presentarse ata o 13 de novembro.

Sétima. O faio do xurado comunicaráse exclusivamente ás/ós gañandoas/es e farase público na páxina web do concello (www.neda.es). O xurado poderá declarar deserto o concurso no caso de considerar que ningún dos traballos presentados reúne os méritos suficientes para ser premiado. O faio é inapelable.

Octava. Os premios serán os seguintes en cada unha das 3 categorías.

1º Premio: Un libro electrónico.

2º Premio: Lote de 2 Libros.

3º Premio: Lote de 2 Libros.

Novena. O Xurado estará formado por:

- **Eduardo Rodríguez.** Concelleiro de Igualdade.
- **Manuel Pérez Grueiro.** Ex do Concello.
- **Begoña López Soto.** Profesora, encargada da biblioteca e coordinadora do Clube de Lectura A Pantasma de Papel do IES Fernando Esquío de Neda.
- **Dolores Paris Fraga.** Profesora e coordinadora do Clube de Lectura A Pantasma de Papel do IES Fernando Esquío de Neda.
- **Carme Blanco.** Profesora e responsable de Normalización Lingüística do IES Fernando Esquío de Neda.

Décima. O autor ou autora gañador/a deberá asistir ao acto de entrega de premios, con data o 22 de novembro nos actos da Celebración do Día Internacional da eliminación da violencia contra a Muller que terán lugar ás 20:00 h na Casa das Palmeiras.

Onceava. Os relatos gañadores quedarán na propiedade do Concello, que podrá difundilos e reproducilos libremente.

Doceava. Os relatos non premiados poderán ser recollidos nas oficinas municipais polos seus autores ou autoras.

Treceava. A participación neste certame implica a total aceptación das presentes bases.

Estas bases serán publicadas na páxina web do Concello.

Máis información na Casa da Cultura, no teléfono 981390233 ou no correo electrónico cultura@neda.es

Neda, a 16 de setembro de 2019

O Alcalde de Neda

Ángel Alvaríño Saavedra

